

“Hoxe en día non se pode ser ‘veterinario de todo’, porque o gandeiro xa non nos necesita para unha serie de cousas”



En vídeo

Francisco Álvarez Baldor (León) leva 32 anos dedicado á veterinaria e a maior parte do seu traballo estivo ligado á Asociación Frisona Vega Páramo (Afrivepa SC). Tamén imparte clases prácticas na Facultade de Veterinaria de León, onde estudou, e, como defensor de aplicar sobre o terreo os coñecementos teóricos adquiridos na carreira, oferta prazas de prácticas para o alumnado. Nesta nova entrega de #YoSoyCampo, Francisco reflexiona sobre como ve o futuro do seu sector.

Como empezou na veterinaria?

Eu quería ser enxeñeiro de Montes, porque son fillo do garda da zona de Cabárceno e os meus referentes profesionais eran os enxeñeiros de Montes, pero os escolapios convencéronme de que non fixese unha enxeñería. Como me gustaba o tema do campo decidín estudar Veterinaria na Universidade de León. Debo dicir que tiven a gran sorte de compartir profesión con xente que foi superxenerosa comigo, aos cales lles estou moi agradecido; por iso sempre que alguén me pediu facer prácticas comigo, nunca llo neguei.

Que é o que máis lle gusta do seu traballo?

A reprodución, sen dúbida ningunha, pero tamén o contacto co campo e non estar sometido a un horario fixo. Eu, cando acabo a xornada laboral, podo facer outras actividades, compatibilizalas co meu traballo.

Podería contarnos algunha anécdota?

Pois agora vénme á memoria un día no que ía eu co veterinario don Juan Abascal Mazorra por unha nave, cun corredor central e onde as vacas estaban traseira contra traseira, e ao chegar ao final díxome: “Vai ver a segunda vaca e extráelle un xato momificado que ten dentro da vaxina”. Quede impactado, pero é que el detectara que lle colgaba un fío, que era a placenta dun feto momificado. Era moi observador.

Hai que mellorar a imaxe deste sector na sociedade?

Hai que facer moitísima pedagogía. Cada un temos que achegar o noso gran de area para que os rapaces crean que é unha profesión digna e que o gandeiro non é ningún

maltratador de animais. O sector tratou de transmitirlle á sociedade o que fai, pero non foi suficiente. Durante a pandemia tivemos a posibilidade de mellorar a nosa imaxe; eramos produtores de alimentos e a cadea non podía fallar. Aínda así, non fomos capaces de inculcar todo o que se debería.

Como viviu a pandemia?

Son un dos damnificados polo coronavirus. A miña muller e eu estivemos nove días moi enfermos na casa e eu pasei 19 días máis ingresado no hospital. Entrei saturando moi pouco osíxeno, pero o peor foi o factor psicolóxico ao ver tantos datos de mortes. Recibín moito apoio por parte dos gandeiros, da cooperativa e sobre todo do meu compañeiro Rubén Iglesias Álvarez, co que levo traballando 23 anos. O seu comportamento, así como o da maioría, foi exemplar.

Como ve o futuro?

O futuro pasa pola especialización. Hoxe en día non se pode ser ‘veterinario de todo’, porque o nivel técnico do gandeiro subiu moito e xa non nos necesita para unha serie de cousas.

Que lle diría a un novo licenciado que se propón dedicarse a ser veterinario de animais de produción?

Unha cousa moi sinxela: que o máster o faga na rúa. Cando a miña xeración acababa a carreira, o gandeiro sabía facer moi poucas cousas, pero hoxe o seu nivel de coñecementos é moito maior; por iso, debes ter o listón máis alto para que che poidan pagar polo teu traballo.



#YOSOYCAMPO

BY VIRBAC

